

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º de BAC - CURSO 2023-2024

EN CADA UNHA DAS TRES AVALIACIÓNS

a) Realizaranse dúas probas escritas. Calcularase a nota media das dúas probas. **Valor: 80%.**

b) Revisión dos cadernos de aula. Comprobar se están completos, se están realizadas todas as tarefas diarias propostas, anotacións etc. Grao de realización das tarefas propostas: exercicios, comentarios de texto. Nota por cada vez que se preguntan cuestións relacionadas cos contidos impartidos a diario para comprobar o grao de adquisición dos mesmos etc. Ver tamén o grao de corrección lingüística de todo o traballo realizado. Valor da media das notas recollidas nestes apartados **10%**

c) Libro de lectura obrigatoria. En cada avaliación será obrigatorio ler un libro proposto polo profesor/a. Pode ser que haxa unha proba escrita sobre o libro ou ben que teñan que facer un traballo sobre o mesmo. En calquera caso o valor deste apartado será do **10%**

Nas probas escritas que se realicen e nas tarefas diarias, terase en conta o grao de corrección lingüística. Penalizaranse os erros gramaticais: ortográficos, morfolóxicos, léxicos, sintácticos e expresión. Cada tres erros deste tipo suporán un desconto de 0,25 aplicado sobre a nota total da proba.

Unha vez calculados estes apartados, se a nota resultante é igual ou superior a 5 o alumno/a superará a avaliación.

AVALIACIÓN ORDINARIA XUÑO

Nas avaliacións sucesivas esixiranse os contidos impartidos e estudados nas anteriores avaliacións. Unha vez rematada a terceira avaliación; para obter o resultado numérico da avaliación ordinaria calcularase a media das tres avaliacións. Se é igual ou superior a 5, o alumno/a superará a materia con esa mesma nota na avaliación ordinaria. Se a nota media das tres avaliacións é inferior a 5, o alumnado terá que realizar a mediados de xuño unha proba de recuperación das avaliacións non superadas. Se o alumno/a supera esta proba, aprobará a materia na avaliación ordinaria; do contrario, terá que presentarse á avaliación extraordinaria.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA XUÑO

O alumno/a que non superarse a avaliación ordinaria por non acadar un 5 de media nas 3 avaliacións, terá a oportunidade de realizar unha proba escrita de recuperación extraordinaria na que entrará a materia impartida ao longo de todo o curso.

Superarán esta avaliación aqueles alumnos/as que obtiveren un 5 ou máis na proba extraordinaria antes descrita.

Quen non supere esta avaliación pasará a 2ª de bacharelato coa materia pendente se a lei llo permite.

ALUMNADO EXENTO NA MATERIA DE LINGUA GALEGA

O alumnado exento será avaliado seguindo os mesmos procedementos establecidos anteriormente coa diferenza de que os contidos programados serán adaptados ao seu nivel, o mesmo ocorrerá coas probas que realicen.

En caso de apreciarse un abandono da materia, a non realización das probas e tarefas propostas, desinterese e falta de evolución e progreso ao longo do curso; unha vez advertido este abandono en cada unha das avaliacións realizadas, de ser este reiterado ao longo do curso será obxecto de denegación da exención tal e como determine a lexislación ao respecto.